



INFORMACIÓN RELATIVA AO FUNCIONAMENTO DO CENTRO NO INICIO DO CURSO

Pola presente informamos a toda a comunidade educativa que, por decisión da Administración, durante o mes de Setembro o noso centro terá xornada continuada e non haberá servizo de comedor escolar, no seguinte horario:

INFANTIL E PRIMARIA: 9:00-13:40 HORAS.

ESO: 9:00-14:40 HORAS.

A hora de coller o bus escolar será aproximadamente media hora antes do que se facía o curso pasado, aínda que pregamos que o primeiro día estean na parada con algo máis de antelación por si acaso.

Á saída o alumnado será devolto ás paradas correspondentes con normalidade no transporte escolar.

Proximamente o Consello Escolar publicará a listaxe de alumnos e alumnas admitidos e excluídos do servizo de comedor escolar. A este respecto, queremos indicar que trataremos de que todo o alumnado que o precise poida ser usuario do comedor ao longo do curso, pero para iso debemos solicitar un incremento no número de prazas que nos autorice a Consellería de Educación.

Dende esta Dirección queremos facer constar unha vez máis que tanto o horario xeral do centro, como a xornada continuada neste mes de Setembro (e en Xuño) como as restriccións no comedor escolar tanto en días de servizo como en número de prazas son decisións alleas totalmente á nosa competencia, é dicir, que son aspectos que nos determina a Consellería de Educación.

Rois, 9 de Setembro de 2015

O director

Rodrigo Costoya Santos